



SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E
PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

Mediante o Decreto 56/1997 de 6 de marzo, publicado no DOGA do 20 de marzo de 1997, créase a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. aprobándose os seus estatutos e establécese un capital fundacional de 3,005 millóns de euros totalmente subscrito e desembolsado pola Comunidade Autónoma de Galicia. O 31 de marzo de 1997 mediante outorgamento de escritura pública ante D. Manuel Julio Reigada Montoto, Notario do Ilustre Colexio de Galicia, constitúese a Sociedade ó amparo do disposto no artigo 14.2º da Lei que rexe esta clase de Sociedades, como unha Sociedade Anónima Unipersoal. Conforme o establecido na Disposición Adicional décimo segunda dos Presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, as relacións entre a Xunta de Galicia e a Sociedade Pública regularanse mediante un Convenio Marco que será aprobado polo Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda, no que se establecerán, entre outros, os extremos ós que deberá axustarse o Plan Económico Financeiro que deberá ser aprobado como instrumento básico de regulamentación das relacións específicas derivadas dos encargos da Xunta de Galicia á Sociedade. Na súa virtude o 2 de maio de 1997 apróbase o citado Convenio Marco así como os presupostos de explotación e de capital iniciais da Sociedade. Posteriormente, o 10 de febreiro de 2012, tamén o Consello da Xunta, aproba o Convenio Marco vixente na actualidade.

Con data 29 de Abril de 2011, as Xuntas Xerais da sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. (Sociedade Unipersoal) "ACEOUSA" e da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. acordaron levar a cabo unha operación de fusión mediante absorción da primeira por parte da segunda, que adquiriu a título de sucesión universal todos os elementos de activo e pasivo da Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. Unha vez transcorrido o prazo legal correspondente, o referido acordo de fusión elevouse a escritura pública e inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela polo que, con efectos dende o 16 de xuño de 2011, produciuse a citada fusión. A resultas da presente fusión modificáronse os Estatutos Sociais da SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.U. (Sociedade Absorbente) para ampliar no seu obxecto social a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Polo tanto, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA, que ten a consideración de medio propio personificado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico, ten na actualidade como obxecto social o seguinte:

“Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuación, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, logo de autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmobles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que lle sexa aplicable polo carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo. Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios de contratación administrativa.”

Na actualidade, a Sociedade conta co trazado completo en servizo das autoestradas AG-53, entre o Enlace de Dozón e a Autovía A-52, (31,7 km) e a AG-54, entre o intercambiador de Maside e O Carballiño (5,2 km), suxeitos ás actividades de conservación e mantemento. No momento de redactar esta memoria (setembro 2024), a intensidade media diaria (IMD) de vehículos foi de 9.513 vehículos fronte a 9.344 vehículos no mesmo período do ano 2023.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E3	Competitividade e crecemento

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA04	Promover as infraestruturas produtivas e as de rede.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2025	2026	2027
E01	Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.	5.396.563	6.207.923	4.502.954
TOTAL		5.396.563	6.207.923	4.502.954

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
0002	Remodelar o sistema de peaxes de forma que se mellore a competitividade de Galicia en relación co resto de Comunidades Autónomas do Estado.	5.396.563	6.207.923	4.502.954
TOTAL		5.396.563	6.207.923	4.502.954

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
CRT	%CRT>0,50	100	100	99	%
HPC	HORAS PECHE CARRIL	0	0	0	HORAS
I	INDICADOR ANUAL DE CONXESTION	0	0	0	%
IC	IMPORTE CERTIFICADO	100	100	100	%
IP	%VARIACION IP	0	0	0	%
IRI	%IRI<1,5M/KM	98	100	100	%

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2025	CONCELLO
Conexión entre AG-53 e a N-525 en Dozón	2.021		1.573.381	100.000	3615016
Construcción AG53-AG54	2.003		204.588.548	1.400.000	
Explotación AG53-AG54	2.007		83.696.277	1.497.589	
TOTAL			289.858.206	2.997.589	

As actuacións previstas para o desenvolvemento da estratexia da sociedade e para acadar os obxectivos previstos atópanse valoradas na previsión das partidas do orzamento de explotación e capital.

Construción da Autoestrada: Este importe recolle o custo total da inversión na autoestrada dende o ano 2003.

Para o ano 2025 está previsto o investimento de 1,4 millóns de euros nun aparcadoiro disuario, importe recollido no epígrafe de investimentos do Balance. Entre os anos 2025 e 2026 está prevista a construción dunha zona de aparcadoiro en parte dos terreos que foron expropiados á altura do pq. 79,5 da AG-53 para a futura construción dunha área de servizo, situada na marxe esquerda con acceso dende as dúas marxes.

A finalidade deste aparcadoiro sería dobre; por un lado para vehículos lixeiros, funcionando como aparcadoiro disuasorio, e por outra banda para vehículos pesados, como aparcadoiro de emerxencia ante situacións adversas de vialidade invernal, ou de calquera outro tipo.

As obras consistirán na adecuación dos ramais de enlace e da estrutura do paso sobre a AG-53, cuxa base xa foi realizada coas obras de construción da autoestrada, e na explanación, pavimentación e sinalización das zonas destinadas a aparcadoiro, incluíndo iluminación pública e vixilancia tanto nos accesos como nas propias zonas de aparcadoiro, para a seguridade dos seus usuarios.

Explotación AG53&AG54 (1.497.589 euros): Esta actuación correspóndese coas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, as ditas actividades supoñen a realización das operacións de conservación e mantemento, as actuacións encamiñadas á defensa da vía e do usuario, as operacións referentes á sinalización, ordenación de accesos, imposición de límites e control do uso do dominio público viario, e, todas as actuacións de conservación, reparación e vixilancia precisas para manter a autoestrada en servizo en condicións aptas para a súa utilización. O dito importe recóllese na conta de servizos exteriores da conta de Perdas e Ganancias.

Ramal saída da AG-53 no Alto de Sto Domingo (100.000 euros): Entre os anos 2025 e 2026 está prevista a construción dunha saída dende a calzada esquerda da AG-53 (sentido Santiago) cara á estrada nacional N-525 no Alto de Santo Domingo (concello de Dozón), coincidente co punto de inicio da AG-53 en continuidade da Autoestrada AP-53, de titularidade do Estado.

O proxecto de construción que define esta obra conta co informe de aprobación técnica do Servizo de Supervisión de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas e se atopa pendente de informe preceptivo da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, por canto as obras afectan ó semi-enlace existente entre a AP-53 e a N-525 e á propia estrada nacional. O dito importe recóllese no epígrafe de investimentos do Balance.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Varios Concellos	1.136.364	2.740.199	1.520.000
TOTAL	1.136.364	2.740.199	1.520.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
Ingresos actividade autoestrada AG53&AG54	9.230.950	9.512.260	9.882.714
TOTAL	9.230.950	9.512.260	9.882.714

Procedente da actividade da autoestrada, a sociedade obtén recursos da facturación que lle fai á Axencia Galega de Infraestruturas pola peaxe asumida por esta polo uso da vía por parte dos usuarios e que no ano 2025 estímase que ascenderá a 7,88 millóns de euros (sen IVE). De acordo co disposto no R.D. 432/2003, de 5 de decembro, e en virtude do artigo 23.3º da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a Xunta realizará mensualmente transferencias de fondos públicos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co fin de manter o equilibrio financeiro da sociedade. No exercicio 2025 a cantidade estimada por este concepto ascende a 1,35 millóns de euros (sen IVE). Polo tanto, o importe total de ingresos de explotación estímase para o ano 2025 en 9,23 millóns de euros.

A dita facturación, recollida no importe neto da cifra de negocios, obtense como o produto dos seguintes valores: nº de vehículos previstos para cada ano, os quilómetros en explotación e a tarifa aplicable.

- O nº de vehículos previsto obtense a partires da evolución histórica do tráfico real rexistrado e o estimado no 2024.

- As tarifas aplicadas recóllense no Decreto 163/2019, do 26 de decembro, polo que se regulan os novos termos da xestión da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo-A-52 (AG-53 e AG-54), polo que se aproba a revisión de tarifas de peaxe para os anos 2020-2027.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empleados	14	18	18
Custo Total	624.804	840.118	849.453
Custo Medio	44.628	46.673	47.192

Os gastos de persoal son os que se atopan aprobados pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e non inclúe eventuais alteracións que en materia de retribucións recolla a Lei de orzamentos. No concepto de antigüidade compútanse, os trienios correspondentes ós funcionarios en excedencia que teñen dereito a percibir as cantidades que en concepto de antigüidade viñan percibindo como funcionarios de carreira tal e como

quedou aprobado no Consello de Administración do día 29 de maio de 1.997, e tamén o complemento salarial de antigüidade ó que terá dereito todo o persoal da Sociedade que se establece no convenio de oficinas e despachos para a provincia da Coruña

Outras remuneracións ao persoal

Dentro da cifra de soldos e salarios que figura na conta de Perdas e Ganancias inclúese a estimación do importe correspondente á remuneración pola asistencia ó Consello de Administración que ascende a 22.400 euros.

O dito Consello de Administración está composto por un Presidente, un Vicepresidente e 6 Vogais.

O resto do importe correspóndese con outros gastos de persoal (formación....)

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
ARRENDAMENTOS E CÁNONES	140.423	99.527	103.508	108.684	114.118
GASTOS VARIOS	43.148	47.908	49.824	52.316	54.931
PRIMAS DE SEGUROS	66.254	74.160	77.126	80.983	85.032
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	1.993.059	1.134.343	1.500.437	1.420.991	2.064.118
SERV. BANCARIOS E SIMILARES	15	150	156	163	171
SERV. PROFESIONAIS INDEPEND.	32.937	40.318	61.931	65.027	68.279
SUMINISTROS	64.342	62.461	64.960	68.208	71.618
TOTAL	2.340.178	1.458.867	1.857.942	1.796.372	2.458.267

Dentro do epígrafe de servizos exteriores a partida máis significativa correspóndese coa de conservación da autoestrada. Durante o ano 2025 están previstas as actuacións de explotación, conservación e mantemento habituais; vixilancia do estado da infraestrutura, tanto da autoestrada como dos ramais de enlaces, camiños de servizo e os seus elementos funcionais, vixilancia para policía de marxes, atención de accidentes e incidencias, reparacións de danos, tanto accidentais como por deterioro ordinario, vialidade invernal (do 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 15 de outubro ao 31 de decembro), desbroce de marxes, auscultación do estado do firme e marcas viarias, inspección de estruturas, etc. .

Durante o ano 2024 estase a realizar a renovación extraordinaria do pavimento da AG-53 no tramo entre o Enlace de Cea e a A-52 (pq 74+200 ao 87+000), obras que rematarán na primavera do ano 2025.

No ano 2025 está prevista a realización de diversas obras de mantemento no viaduto sobre o río Barbantiño, actuacións puntuais para reparar deficiencias existentes na dita estrutura, que, aínda que no supoñen ningún risco a curto prazo, nin para os usuarios nin

para a integridade da estrutura, é necesario realizar para que non se vexa reducida a súa vida útil.

Os importes correspondentes á renovación do firme e as reparacións no viaduto atópanse provisionadas na partida correspondente da conta de perdas e ganancias.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Inmovilizado Intanxible	4.337.749	4.220.902	4.231.644
Inmovilizado Material	3.552	10.718	14.298
TOTAL	4.341.301	4.231.620	4.245.942

1.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

Non está previsto que a Sociedade perciba transferencias nin subvencións de capital.

Achegas patrimoniais

Non está previsto que a Sociedade perciba ningún importe en concepto de achegas patrimoniais

Financiamento alleo a longo prazo

Non está previsto que a Sociedade formalice novas operación de financiamento alleo a longo prazo.

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Inmovilizado Intanxible	157.002	0	1.500.000
Inmovilizado material	1.463	5.000	20.000
TOTAL	158.465	5.000	1.520.000

Co obxecto de adaptar a estrutura da Sociedade ás novas necesidades, estímase a adquisicións de mobiliario, equipo informático e de outro tipo por un custe de 20 mil euros.

Inmovilizado Intanxible: O importe correspóndese, por un lado de 1,4 millóns de euros pola execución dun aparcadoiro disuasorio á altura do pq. 79,5 da AG-53 e, por outro lado de 0,1 millóns de euros pola construción do denominado ramal de saída Alto Sto Domingo. Ambos importes anteriormente comentados.

Adquisicións de inmovilizado financeiro

Non se estima orzamento ningún neste epígrafe.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A variación neta de pasivos financeiros entre o ano 2024 e o 2025 é a seguinte:

Total préstamos a longo e curto prazo por operacións formalizadas coa Xunta de Galicia:

- Ano 2024: 14.309.967,55 euros.

- Ano 2025: 12.003.009,48 euros.

DIFERENZA: - 2.306.958,07 euros.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A) ACTIVO NON CORRENTE	168.374	163.300	159.849
	I. Inmovilizado intanxible	167.910	162.993	159.559
	1. Desenvolvemento			
	2. Concesións			
	3. Patentes, licencias, marcas e similares	1		
	4. Fondo de comercio	8		
	5. Aplicacións informáticas			
	6. Outro inmovilizado intanxible	167.902	162.993	159.559
	II. Inmovilizado material	6	1	6
	1. Terreos e construcións			
	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material	6	1	6
	3. Inmovilizado en curso e anticipos			
	III. Inversións inmobiliarias			
	1. Terreos			
	2. Construcións			
	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Inversións financeiras a longo prazo	1	1	1
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a terceiros			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	1	1	1
	VI. Activos por imposto diferido	456	305	282
	B) ACTIVO CORRENTE	13.027	12.284	7.024
	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias			
	1. Comerciais			
	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
	3. Produtos en curso			
	4. Produtos terminados			
	5. Subprodutos, residuos e materias recuperados			
	6. Anticipos a provedores			
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	9.648	6.450	6.651
	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			
	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	8.633	4.636	3.846
	3. Debedores varios	8		
	4. Persoal	17	13	7
	5. Activos por imposto corrente	39		
	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	951	1.801	2.798
	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Inversións financeiras a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	60	58	48

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025				
SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	3.318	5.775	324
	1. Tesourería	3.318	5.775	324
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	181.401	175.584	166.873

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A) PATRIMONIO NETO	160.507	155.907	151.030
	A.1) Fondos propios	160.507	155.907	151.030
	I. Capital	131.646	131.646	131.646
	1. Capital escriturado	131.646	131.646	131.646
	2. (Capital non esixido)			
	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	30.039	25.056	20.096
	1. Legal e estatutarias	4.874	4.891	4.931
	2. Outras reservas	25.165	20.165	15.165
	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores	-1.359	-1.202	-842
	1. Remanente			
	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)	-1.359	-1.202	-842
	VI. Outras aportacións de socios	7	7	7
	VII. Resultado do exercicio	174	401	123
	VIII. (Dividendo a conta)			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
	II. Operacións de cobertura			
	III. Outros			
	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos			
	B) PASIVO NON CORRENTE	20.210	16.731	11.229
	I. Provisións a longo prazo	5.900	4.728	3.288
	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
	2. Actuacións medioambientais			
	3. Provisións por reestructuración			
	4. Outras provisiones	5.900	4.728	3.288
	II. Débedas a longo prazo			
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros			
	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	14.310	12.003	7.941
	IV. Pasivos por imposto diferido			
	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	685	2.945	4.614
	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	4		
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros	4		
	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo	92	2.307	4.062
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	589	638	551
	1. Proveedores	526	566	499
	2. Proveedores, empresas do grupo e asociadas			
	3. Acredores varios	20		
	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)			
	5. Pasivos por imposto corrente		32	10
	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	42	40	42
	7. Anticipos clientes			
	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	181.401	175.584	166.873

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	11.023	9.273	9.231
	a) Ventas			
	b) Prestacións de servizos	11.023	9.273	9.231
	2. Variación de existencias de pto terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos			
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas			
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	96	5	5
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	96	5	5
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-795	-1.124	-1.136
	Soldos, salarios e asimilados	-625	-840	-849
	Cargas sociais	-170	-284	-287
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-4.801	-2.323	-2.596
	Servizos exteriores	-2.340	-1.459	-1.858
	Tributos	-41	-45	-47
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-2.419	-819	-691
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-4.341	-4.232	-4.246
	Amortización do inmovilizado intanxible	-4.338	-4.221	-4.232
	Amortización do inmovilizado material	-4	-11	-14
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.			
	10. Excesos de provisións			
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados			
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	1.181	1.599	1.258
	14. Ingresos financeiros	63		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	63		
	15. Gastos financeiros	-996	-1.166	-1.124
	a) Por débedas con empresas do grupo	-124	-124	-124
	b) Por débedas con terceiros.	-615	-697	-702
	c) Por actualización de provisións	-257	-345	-299
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-933	-1.166	-1.124
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	248	433	133
	20. Imposto sobre beneficios	-75	-32	-10

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	174	401	123
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	174	401	123

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

Formulario SPA.04

SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	248	433	133
2. Axustes no resultado	7.951	4.226	3.930
a. Amortización do inmovilizado (+)	4.341	4.232	4.246
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)	2.676	-1.171	-1.440
d. Imputación de subvencións (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-63		
h. Gastos financeiros (+)	996	1.166	1.124
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-2.844	3.272	-265
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-2.897	3.200	-191
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	66	72	-74
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-12		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-450	-1.166	-1.124
a. Pagos de intereses (-)	-381	-1.166	-1.124
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	63		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-132		
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	4.905	6.765	2.674
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-158	-5	-1.520
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-157		-1.500
c. Inmovilizado material	-1	-5	-20
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)		697	702
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible		697	702
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-158	692	-818
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			-2.307
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

Formulario SPA.04

SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
b. Devolución e amortización de:			-2.307
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			-2.307
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-5.000	-5.000	-5.000
a. Dividendos (-)	-5.000	-5.000	-5.000
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	-5.000	-5.000	-7.307
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	-254	2.457	-5.451
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EJERCICIO	3.572	3.318	5.775
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	3.318	5.775	324